



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 10 de setembro de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ORDE DO DÍA

*Declaración institucional en apoio ao pobo afgán.....6

Información e actas

1. Toma de posesión de novos membros da Corporación5

2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/21, do 30 de xullo.....6

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xullo ata o 3 de setembro de 2021.7

4. Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do noveno mes de 2021.7

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

5. Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrada polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 -Pontedeume8

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

6. Aprobación da toma de coñecemento do Modificado do Proxecto Básico e de Execución do "Mercado Cultural" - Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra. 8

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

7. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pav. V. P. en Trece (A Baña)", do Concello da Baña, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2000.0106.0. 9

8. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Soterramento de liña de baixa tensión para alimentación de centro de telecomunicacións en Sembra", do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial co código 2019.2001.0656.010

9. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de vías na parroquia de Souto", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan

único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0697.0 12

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

10. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2021. 14

11. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2020. 15

12. Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2020. 15

13. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020. 15

14. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2022. 16

15. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia. 16

16. Aprobación da corrección de erro material na modificación da relación de postos de traballo 2021. 20

17. Dación de conta das resolucións de presidencia número 29486/2021, 30000/2021, 30526/2021, 31103/2021 e 31104/2021 polas que se nomea e cesa persoal eventual..... 21

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre defensa da educación 22

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o apoio aos traballadores da antiga Alcoa Coruña 34

ROGOS E PREGUNTAS45

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 10 de setembro de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 10 de setembro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusados:

Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Xosé Regueira Varela	BNG

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o Interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día, empezamos a sesión de Pleno co primeiro punto da orde do día.

1.- Toma de posesión de novos membros da Corporación

Sr. Secretario

Constan na Secretaría Xeral desta Deputación credenciais expedidas polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acreditan que foron designados deputados provinciais: don Valentín Alfonsín Somoza, don Ignacio Codesido Barreiro, don Antonio Deibe Sanmartín, don José Javier Pego Sampedro, don José Luis Pérez Añón e don José Francisco Santos Regueiro, en substitución por renuncia respectivamente de don Antonio Fernández Angueira, dona Dalia García Couso, don José Pablo González Cacheiro, dona María Beatriz Molinos Vidal, don José Muíño Domínguez e don José Luís Fernández Mouriño, por figurar como suplentes nas listas de candidatos presentadas polo Partido Popular nas eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Os deputados designados formularon declaracións sobre causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lles proporcionan ou lles poden proporcionar ingresos económicos. Reúnen, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputados provinciais mediante a preceptiva prestación de xuramento ou promesa.

Don Valentín Alfonsín Somoza, Don Ignacio Codesido Barreiro, Don Antonio Deibe Sanmartín, Don José Javier Pego Sampedro, Don José Luis Pérez Añón e don José Francisco Santos Regueiro, toman posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no R.D. 707/1979, de 5 de abril, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado/a provincial.

Sr. Presidente

Imos continuar co seguinte punto da orde do día, non sen antes, loxicamente, darlles a benvida formalmente, oficialmente, en nome desta provincia e desta Corporación aos compañeiros que se acaban de incorporar.

O seguinte punto é unha declaración institucional de apoio ao pobo afgán.

Sr. Secretario

Declaración institucional en apoio ao pobo afgán.

A Deputación da Coruña manifesta a incondicional defensa da liberdade das persoas e do respecto aos seus dereitos en todos os lugares do mundo.

Nas últimas semanas estamos a presenciar convulsos acontecementos e desesperación en milleiros das persoas que tentan abandonar o seu país por tremor a posibles represalias.

A toma do poder por parte dos talibáns tras anos de intervención internacional trae novas e imaxes que consternan e inquedan por canto poidan ser a antesala da volta a un réxime represivo histórico neste país asiático, que supón unha especial ameaza para a integridade das mulleres e das nenas.

Os dereitos das mulleres e das nenas deben ir nunha soa dirección, e é ir cara adiante. As mulleres e as nenas afgás desenvolveron un papel decisivo na historia do seu país. É fundamental que o sigan a facer e que se protexan os seus dereitos gañados con tanto esforzo.

Calquera pobo debe ser dono do seu propio destino, e reclamamos que a cidadanía afgá poida participar dunha convivencia pacífica e respectuosa con todas as crenzas relixiosas, opinións políticas e decisións de vida, permitindo a cada persoa aspirar ao seu desenvolvemento como ser humano.

Por outra banda, dende a Deputación da Coruña queremos instar aos líderes talibáns a que protexan os dereitos humanos fundamentais de tódalas persoas, especialmente os das mulleres e as nenas e esixirlles o seu compromiso no cumprimento dos tratados internacionais que garanten a igualdade de toda a cidadanía.

Polo exposto, instamos a todas as institucións públicas, comunidade internacional e sociedade civil a non escatimar esforzos e accións para garantir os dereitos da cidadanía do pobo afgán, atendendo ás voces de auxilio que chegan dende Afganistán, especialmente das mulleres e das nenas.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/21, do 30 de xullo

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 7/21, do 30 de xullo.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xullo ata o 3 de setembro de 2021.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xullo ata o 3 de setembro de 2021.

4.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data da sesión ordinaria do noveno mes de 2021.

Procédese a votar a inclusión da orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a inclusión, vótase a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión plenaria correspondente ao oitavo mes de 2021 celebrárase o día 10 de setembro e que a seguinte sesión ordinaria correspondería celebrala o día 24 de setembro, cun tempo excesivamente curto entre unha e outra sesión que non permitiría a axeitada preparación de novos asuntos,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao noveno mes de 2021 celebrarase o día 1 de outubro, venres, a partir das doce horas".

5.- Aprobación técnica do PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrada polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 - Pontedeume

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar técnicamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021, TERCEIRA FASE integrada polo proxecto DP 4803 mellora seguridade viaria senda PQ 7+100 a 10+332 - Pontedeume"

6.- Aprobación da toma de coñecemento do Modificado do Proxecto Básico e de Execución do "Mercado Cultural" - Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do Modificado do Proxecto Básico e de Execución do "Mercado Cultural" - Adaptación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra, Referencia: 2017/002 asinado polo arquitecto Vicente Rivas Negreira, Nº COAG 1542 o 16 de xullo de 2020 e cun orzamento de contrata de 340.797,71 €, obxecto do convenio co concello de Fisterra (núm.110/2019 de 27 de

decembro), polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o seu cofinanciamento.

2. Aprobar unha nova porcentaxe de financiación provincial do 58,68584% o que supón unha achega de 200.000,00 €."

7.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Pav. V. P. en Trece (A Baña)", do Concello da Baña, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2000.0106.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019.

Logo de ver que o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2020 no que figura, entre outras, a obra do Concello da Baña denominada "Pav. V. P. en Trece. (A Baña)", co código 2020.2000.0106.0.

Logo de presentar o Concello da Baña un proxecto modificado desta obra, sen variación do seu orzamento, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica necesaria e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello da Baña denominada "Pav. V. P. en Trece (A Baña)", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2000.0106.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión

realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, cun orzamento de contrata de 52.051,63 €, que aínda que non supón variación do seu orzamento de contrata, implica a ampliación e modificación da xeometría de varios ramais, así como a introdución de novas partidas debido a necesidades sobrevenidas non previstas no proxecto técnico inicial.

Proxecto Modificado “ Pav. V. P. en Trece (A Baña)” Concello da Baña 2020.2000.0106.0			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata	Orzamento de adxudicación	Baixa
Deputación	52.051,63	49.449,05	2.602,58
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	52.051,63	49.449,05	2.602,58

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 /4530 / 76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello da Baña para os efectos oportunos."

8.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Soterramento de liña de baixa tensión para alimentación de centro de telecomunicacións en Sembra", do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial co código 2019.2001.0656.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Soterramento de liña de baixa tensión para alimentación de centro de telecomunicacións en Sembra", do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega

provincial co código 2019.2001.0656.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 20 de decembro de 2019, que en relación co acordo do 26 de abril de 2019, aprobou a segunda e derradeira fase do POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, na que se inclúe este investimento cos datos que se indican a continuación:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cee	2019.2001.0656.0	Soterramento liña de B.T. centro telecomunicacións en Sembra	21.619,21	12.509,40	34.128,61

Logo de ver que o Concello de Cee, mediante Resolución da Alcaldía do 29 de xullo de 2020, adxudicoulle a obra a Rubén José Noya Mallo, co NIF 44849273D e que o 17 de febreiro de 2021 levantouse un acta de suspensión temporal das obras, asinada dixitalmente polo director da obra, Pablo Rojo Losada e polo adxudicatario, na que o director da obra informa de que unha vez iniciadas as obras, constátase a necesidade da redacción dun proxecto modificado motivado pola constante aparición de rocha nas escavacións das gabias, polo que considera oportuno a suspensión temporal do prazo de execución ata a aprobación do dito proxecto modificado, suspensión que se decreta a través da Resolución ditada pola Alcaldía do concello o 18 de febreiro de 2021.

Logo de aprobar o Pleno do Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 7 de maio de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial e director da obra, que xa redactara o proxecto inicial e o 10 de maio de 2021 polo adxudicatario, que manifesta deste xeito a súa conformidade coa modificación, sen variación do seu orzamento de contrata, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, para dar solución á aparición constante de rocha nas escavacións das gabias e aos condicionantes impostos pola compañía subministradora.

Tendo en conta que segundo o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 2 de xullo de 2021 pola arquitecta técnica municipal e pola secretaria do concello, constan no expediente as autorizacións necesarias sobre as tres parcelas nas que quedará imposta unha servidume de paso para o servizo de mantemento e en consecuencia para levar a cabo o referido proxecto modificado.

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 13 de maio de 2021

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no

BOP número 188, do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Soterramento de liña de baixa tensión para alimentación de centro de telecomunicacións en Sembra”, do Concello de Cee, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0656.0, sen variación económica, que está adxudicado e que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do director da obra e do adxudicatario e que conta coas autorizacións dos propietarios dos terreos afectados e coa supervisión favorable do Servizo de Asistencia técnica a Municipios desta deputación, coa única finalidade de dar solución á aparición constante de rocha nas escavacións das gabias e aos condicionantes impostos pola compañía subministradora, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Cee Código: 2019.2001.0656.0 “Soterramento liña de B.T. centro telecomunicacións en Sembra”	Deputación	21.619,21	21.619,21	0,00	0,00	21.619,21
	Concello	12.509,40	5.242,79	7.266,61	0,00	5.242,79
		34.128,61	26.862,00	7.266,61	0,00	26.862,00
	Total					

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida orzamentaria 0430/1656/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

9.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Souto", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0697.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Souto", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0697.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, que en relación co acordo adoptado polo Pleno provincial na sesión realizada o 16 de maio de 2018, aprobou a primeira fase do POS+ Adicional 1/2018, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0697.0	Paderne	Pavimentación de viais na parroquia de Souto	60.079,56	0,00	60.079,56

Tendo en conta que o Concello de Paderne, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de outubro de 2020, adxudicoulle este investimento á empresa BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas S.L. co NIF B15840861 e que no día de hoxe aínda non consta que se presentara ningunha certificación.

Logo de aprobar o Concello de Paderne, previos os informes técnicos e xurídicos favorables e a audiencia do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 25 de maio de 2021 polo arquitecto municipal e director da obra, Antonio López Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, que mantén o mesmo orzamento de contrata, coa única finalidade de introducir unha modificación do trazado inicialmente previsto, eliminando varios tramos da Rede de Souto de Abaixo, pola súa imposibilidade de execución segundo as especificacións orixinais do proxecto ante a falta de garantía de compactación do subsolo existente, e en canto ao tramo de pavimento de aglomerado asfáltico, amplíase un tramo sobre o camiño existente, que non se atopaba grafado no proxecto orixinal.

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente o 30 de xullo de 2021 polo director da obra no que, ademais de xustificar a necesidade da modificación, indica que para a execución deste proxecto modificado non é necesario solicitar novas autorizacións dado que non supoñen novas afeccións supramunicipais

Tendo en conta que este proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo

Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 5 de agosto de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aplicables ao POS+ Adicional 1/2018 e aprobadas mediante acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 (BOP núm. 188 do 3 de outubro de 2017)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de viais na parroquia de Souto", do Concello de Paderne, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018 por maior achega provincial, co código 2018.2001.0697.0, que foi aprobado mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, que está adxudicado, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e previa audiencia do representante da empresa adxudicataria e do director da obra, sen variación do seu orzamento de contrata e que ten como único obxecto adaptar o proxecto inicial á realidade física dos terreos, descuberta coa realización dos traballos de acondicionamento do terreo, cos datos que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Paderne Código: 2018.2001.0697.0 "Pavimentación de viais na parroquia de Souto"	Deputación	60.079,56	60.020,91	58,65	0,00	60.020,91
	Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
		60.079,56	60.020,91	58,65	0,00	60.020,91
	Total					

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Paderne para os efectos oportunos."

10.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xullo de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

11.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2020.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2020 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

12.- Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2020.

Dáse conta da tramitación das Contas Anuais do exercicio 2020 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

13.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do

exercicio 2020.

2º.- Remítala ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

14.- Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2022.

Dáse conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2022, de aprobación pola Presidencia.

15.- Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal Nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín Oficial da Provincia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA, modificación (modificación artigo 7, supresión da disposición transitoria única e da Disposición derogatoria e engádesse unha Disposición adicional) e redacción íntegra, coa seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Artigo 1. - Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto no art. 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, e ao abeiro do artigo 2 da Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa pola prestación do servizo de Publicacións no Boletín Oficial da Provincia, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

A inserción de anuncios e documentos no Boletín Oficial da Provincia e a publicación de boletíns extraordinarios e suplementos que se refira, afecte ou beneficie de modo particular a persoas ou entidades determinadas.

Artigo 3. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia, e as que sexan beneficiarias ou afectadas polo devandito servizo.

Os suxeitos pasivos ou obrigados tributarios deberán consignar o seu número de identificación fiscal no escrito polo que solicitan o servizo suxeito a esta taxa.

Artigo 4. - Responsables.

1. - Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da entidade.

2. - Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. - Beneficios fiscais.

1. - De acordo co disposto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

2. - De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, están exentos do pagamento da taxa pola prestación do servizo de inserción, os seguintes anuncios:

a) A publicación de disposicións e as resolucións de inserción obrigatoria.

b) Os anuncios oficiais, calquera que sexa o solicitante da inserción, cando a publicación resulte obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou regulamentaria, así como os edictos e anuncios de xulgados e tribunais cando a inserción sexa ordenada de oficio.

3. - Exceptúanse da exención a que se refire o apartado anterior as seguintes publicacións:

a) Os anuncios urxentes publicados a instancia dos particulares.

- b) Os anuncios urxentes de licitacións de todo tipo de contratos, de acordo co establecido na súa lexislación específica.
- c) Os anuncios urxentes oficiais da Administración de Xustiza a instancia de particulares.
- d) Os anuncios urxentes cuxo custo lles sexa repercutible aos interesados segundo as disposicións aplicables.
- e) Os anuncios urxentes das Administracións públicas derivados de procedementos suxeitos ao pagamento dunha taxa, prezo público ou outros tipos de dereitos económicos.
- f) Os anuncios urxentes das Administracións públicas que poidan reportar, directa ou indirectamente, un beneficio económico á Administración pública remitente ou solicitante, ou tivesen contido económico.
Non se considerará, para estes efectos, que reporta un beneficio económico ou que teña contido económico as citacións para ser notificados por comparecencia nos procedementos de recadación dos diferentes tributos ou exaccións parafiscais, nos casos en que, intentada a notificación ao interesado ou representante por parte da Administración Tributaria ou entidades e corporacións de dereito público ás que lles corresponde a súa recadación, esta non fora posible.
- g) Os anuncios urxentes das Administracións Públicas que se poidan ou deban publicar ademais nun diario, segundo disposición legal ou regulamentaria.

Para estes efectos, consideraranse anuncios urxentes os que se definan como tales na Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 6. - Devengo.

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, no momento da publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia.

Artículo 7.- Bases de Imposición e Tipos de Gravame.

A base imponible determínase pola cantidade de caracteres (carácter tipográfico incluídos os espazos en branco) e/ou espazo das imaxes do texto que se vai publicar.

- **TARIFA** : Publicación de anuncios ou documentos diversos:

- Inserción textos remitidos. Anuncios publicados con carácter urxente :

A- Importe por carácter: 0,0810 euros/carácter.

B- Imaxes: 0,4670 €/cm²

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 8. - Normas de xestión.

1. - A Deputación provincial, tras a publicación dos textos, practicará liquidacións comprensivas dos anuncios e documentos que constitúen o feito impositivo da taxa. Realizarase unha liquidación por cada publicación de anuncio ou documento que se publique no BOP.

2. - As ditas liquidacións serán notificadas ao domicilio fiscal do contribuínte, e contra estas poderanse interpoñer os recursos oportunos nos prazos legalmente establecidos.

3. - Actos de recadación:

3.1. - Os concellos da provincia da Coruña deberán efectuar o ingreso da débeda tributaria de acordo co prazo establecido no art. 41 da Ordenanza fiscal xeral.

3.2. - Se, finalizado o prazo expresado, non se efectuase o ingreso da cantidade debida, a Deputación provincial procederá á extinción da débeda tributaria polo procedemento de compensación.

3.3. - En calquera caso, considerarase requisito indispensable para a liquidación e pagamento de calquera débito provincial que os Concellos da Provincia da Coruña acredores estean ao corrente no pagamento da taxa a devengar pola publicación de anuncios e documentos no Boletín Oficial da Provincia.

4. - En todo caso, practicarase liquidación, de conformidade co establecido no artigo 7, aos anuncios publicados con carácter urgente.

Artigo 9. - Convenios de colaboración.

Para facilitar a liquidación e pagamento da taxa, ao abeiro do que prevé o artigo 12 da Lei 5/2002, a deputación poderá aprobar a subscripción de convenios de colaboración con:

- Administracións públicas.

- Persoas físicas ou xurídicas que, no exercicio da súa actividade profesional ou mercantil legalmente autorizada, remitan habitualmente a presentación, a xestión e o pagamento de publicacións por conta dos seus clientes ou representados.

Artigo 10. - Remisión á Ordenanza fiscal xeral.

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza fiscal xeral.

Disposición Adicional.- A presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta ordenanza.

Disposición Final.- A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa. Así mesmo derroga a ordenanza fiscal Nº 2 aprobada polo pleno de data 31 de outubro de 2008, así como as súas modificacións posteriores aprobadas mediante acordos plenarios de data 24/04/2009; 28/10/2011; 26/10/2012 e 25/10/2013.

2.-O acordo que se adopte ao respecto, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da Provincia según establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra do acordo e da redacción íntegra da ordenanza fiscal Nº 2 reguladora da taxa por servizo de publicacións do Boletín oficial da provincia.

3.-Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín oficial da provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o Acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da Ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín oficial da provincia según o previsto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo."

16.- Aprobación da corrección de erro material na modificación da relación de postos de traballo 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 12 deputados/as

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

"Advertido erro material na modificación da relación de postos de traballo 2021 (anexo

III) publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 149 de 9 de agosto de 2021

APROBAR:

A corrección do erro indicado no seguinte sentido,

Onde di:

POSTO	NIV EL	GRUPO/SU BGR.	DO T.	T P	F. PR OV	AD M.	ES C.	TI T.	FORM . ESPE CÍF-	OBSERVA CÍONS	C. ESPECÍFICO 2021
Técnico xurídico	26	A1	1	S	C		AE	11	Lic. Dereit o/ Habilit . Proce sal	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	34.988,92

Debe dicir:

POSTO	NIV EL	GRUPO/SU BGR.	DO T.	T P	F. PR OV	AD M.	ES C.	TI T.	FORM . ESPE CÍF-	OBSERVA CÍONS	C. ESPECÍFICO 2021
Técnico xurídico	26	A1	1	S	C		AX	11	Lic. Dereit o/ Habilit . Proce sal	Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	34.988,92

17.- Dación de conta das resolucións de presidencia número 29486/2021, 30000/2021, 30526/2021, 31103/2021 e 31104/2021 polas que se nomea e cesa persoal eventual.

Dáse conta das resolucións de presidencia número 29846/2021, 31103/2021 e 31104/2021 polas que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento e das resolucións número 30000/2021 e 30526/2021 polas que se cesa persoal eventual.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control, mocións. Hai unha, a primeira presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica sobre a defensa da educación.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre defensa da educación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de setembro comezará o terceiro curso escolar afectado pola pandemia da Covid19. Á suspensión das clases presenciais nos primeiros meses da emerxencia sanitaria en 2020 seguiu a recuperación parcial da presencialidade no pasado curso escolar 2020/2021. O persoal docente afronta este inicio de curso ameazado polos recortes de prazas, o peche de colexios e unha relaxación das medidas sanitarias que agravan unha situación de precariedade xa crítica. As decisións da Consellería de Educación e da Xunta de Galiza, lonxe de axudar nun momento de fatiga acumulada, dificultarán aínda máis unha educación de calidade para a nosa infancia.

A política de recortes educativos no noso país non é, por desgraza, nova. Feijoo leva pechados 138 centros públicos de ensino dende a súa chegada á Xunta de Galiza en 2009, pese a que o número de alumnado matriculado ascendeu nun 8%. Nestes anos, o orzamento en educación da Xunta de Galiza reduciuse en 113 millóns de euros, amosando unha aposta decidida por desmantelar o sistema público de educación.

Este inicio de curso verase polo tanto afectado por claros recortes nunha situación de incerteza sobre a evolución da pandemia. Os esforzos realizados por parte da Xunta de Galiza no pasado curso foron insuficientes. Pese a isto, o bo funcionamento do sistema educativo no último curso pasou polo esforzo e desgaste do profesorado, persoal non docente e traballadoras de comedores e actividades extraescolares, xunto á responsabilidade do alumnado, nais e pais. No canto de redobrar esforzos dende a Consellería de Educación da Xunta de Galiza, este curso volverase á senda dos peches de centros e recortes de profesorado.

As ANPAS e as centrais sindicais veñen denunciando peches de colexios xa en firme como a escola Pino de Val, en Mazaricos, na Provincia da Coruña. Xa está publicada tamén a supresión de 127 aulas de educación infantil, primaria e especial no país. Ademais, o recorte sen precedentes no profesorado de educación secundaria levará a unha redución de ata 109 unidades e 150 docentes menos, rebaixado así o persoal non só respecto ao curso pasado senón tamén respecto ao curso 2019/2020.

Estas decisións afectarán directamente á calidade da educación na Provincia da Coruña, aumentando ademais os riscos sanitarios derivados da pandemia e empeorando as condicións das traballadoras dos colexios e institutos. O último

exemplo, a denuncia das ANPAS e sindicatos no colexio Barrié de la Maza en Sada, onde a supresión de aulas previstas para o próximo curso influirá directamente na calidade da educación e na atención tamén ao alumnado con necesidades educativas especiais.

A situación sen dúbida é inxusta e crítica para un sector chave na sociedade que leva sufrindo esta crise da Covid19 sostendo a labor educativa en condicións adversas.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Apoiar nas súas reclamacións ao profesorado, ás centrais sindicais de educación, ás ANPAS, ao persoal non docente e outras traballadoras dos centros de ensino.
2. Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Educación a frear os recortes de persoal e os peches de aulas e colexios.
3. Facer traslado desta moción á Consellería de Educación, á Xunta de Galiza, ás centrais sindicais de ensino e as ANPAS da provincia da Coruña.

Sr. Lema Suárez

Bo día. Grazas, presidente. En primeiro lugar, darlles a benvida aos compañeiros deputados do Partido Popular que se incorporan hoxe, desexarlles a maior das sortes no seu tránsito na Deputación.

Esta é unha moción elaborada a partir de diversos contactos e reunións que mantivemos tanto con asociacións de pais e nais de alumnos como con sindicatos vinculados coa área educativa do noso país, que denuncian basicamente unha baixada de investimento por parte da Xunta de Galicia na educación pública no noso país. Os datos máis concretos, estamos falando de 138 centros públicos pechados, desde o 2009 ata hoxe. Isto contrasta, este dato de peche de centros educativos, co aumento do 8 % da poboación en unidades de ensino, e en canto ás cifras contables dos orzamentos, estamos falando de 113 millóns de euros menos investidos en total.

Esta situación, que é histórica, que parte creo, pensamos nós, desde unha liña de desinvestimento nos servizos públicos que se substancia basicamente nestes números que comentamos, está dando lugar tamén na nosa provincia ao peche de colexios, de colexios ademais en áreas que son relativamente periféricas, como son os concellos de Pino de Val e Mazaricos, que este mesmo ano viron pechadas as súas escolas de Primaria. E a isto súmase tamén o peche en total de 127 aulas de Educación Infantil. En definitiva, estamos asistindo a un devalar no investimento na educación pública no noso país que, por suposto, vai en contra dos intereses non só da poboación e do alumnado, senón tamén do propio dereito a unha educación pública gratuíta e de calidade.

Por todo o anteriormente exposto, propoñémoslle ao Pleno da Deputación da Coruña

a adopción dos seguintes acordos:

- En primeiro lugar, apoiar nas súas reclamacións o profesorado, as centrais sindicais e de Educación, as ANPA e o persoal non docente e outras traballadoras dos centros de ensino.
-
- En segundo lugar, instar a Xunta de Galicia e a Consellería de Educación a frear os recortes de persoal e os peches de aulas e colexios.
-
- Por último, facer traslado desta moción á Consellería de Educación, á Xunta de Galicia, ás centrais sindicais de ensino e ás ANPA da provincia da Coruña.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Moi bo día a todas e a todos. Evidentemente, dar a benvida e saudar de xeito especial os compañeiros do Partido Popular que se incorporan hoxe.

E logo, xa para centrarme no contido da moción, anticipo xa ao comezo que o noso voto vai ser favorable no sentido de que a educación é un pilar básico para o avance de calquera sociedade e un dereito que debe estar garantido en igualdade de oportunidades para todo o alumnado galego, e entendemos que é para lamentar realmente que, un ano máis, no mes de setembro sexa obxecto de debate as condicións, a situación na que en materia de recursos e calidade de ensino se vai iniciar este curso escolar.

Efectivamente, entendemos que os datos indican un menor investimento no ensino público, un menor investimento nun curso que ademais se inicia sen deixar atrás os requisitos de prevención que se derivan da situación de pandemia mundial. Polo tanto, vemos como un obxectivo prioritario manter tanto desdobres como apoios que realmente faciliten a seguridade nas aulas e que, ademais, aprendendo da traxectoria que foi o curso pasado, permitan introducir criterios compensadores para a calidade.

Todos sabemos que este curso, 19/20/21, foi extremadamente duro para todo o alumnado pola situación de restricións na mobilidade, de contacto físico, de interacción con compañeiros e compañeiras, e tamén o foi así para todos os equipos docentes dos centros, que tiveron que facer grandes esforzos para poñer por riba de todo a prevención e a saúde do alumnado.

Deste xeito, rematamos un curso no que podemos valorar que os centros foron un entorno seguro, pero no que si que, desde logo, o que non podemos asegurar é que se dispuxo de todos os apoios necesarios para garantir unha adecuada calidade no ensino e, evidentemente, sabemos que o éxito foi froito do sacrificio por parte de todos e de todas. Deste xeito, á hora de afrontar un novo curso, do que deberíamos estar falando é de cales son as medidas que se van poñer enriba da mesa para garantir a calidade, as medidas que se poñen enriba da mesa para afrontar o impacto dese devalo demográfico que se utiliza como argumento para xustificar a redución de profesorado, a redución de aulas e o peche de centros.

Realmente o que se está a crear é unha situación de manifesta desigualdade, primeiro de todo, entre o ensino público e o privado, os datos anuncian que os centros que menos matrícula perden son os privados, de feito, increméntase o número de aulas e increméntase o investimento no ensino privado concertado. Que hai unha mobilidade de alumnado de centros públicos nas contornas urbanas cara a centros concertados, o cal nos indica que non se está apostando por unha política de calidade no ensino público, e ademais non se está prestixiando como se debe o ensino público, que é o de todas e todos e que garante realmente esa función compensadora da educación.

Pero, a maiores, estase creando outra situación de diferenzas se cabe aínda máis grave, e é que o lugar no que naces, dependendo de que sexa unha contorna rural ou urbana, marca a diferenza nas túas oportunidades e na calidade do teu ensino. Son os centros das contornas rurais os que están sendo abocados ao peche, nos que a tendencia está sendo a concentrar alumnado dos centros que se pechan noutros centros, o que deriva nun incremento das ratios, o que deriva en perda de docentes e, á súa vez, tamén a falta de docentes está condicionando as opcións para elixir e para determinar os itinerarios dependendo destes centros.

Por todo iso, nós consideramos que o que deberíamos estar falando hoxe é de modelo de educación, de como se implementan medidas que garantan a equidade e como afrontar ese devalo demográfico coidando ao máximo os dereitos do alumnado e os dereitos das familias a que os seus fillos e fillas teñan un ensino de calidade. Consideramos que ningunha destas circunstancias se dan e que é preocupante ver como o Goberno da Xunta está desmantelando o ensino público en favor do ensino privado concertado.

Sr. Lage Tuñas

Bo día. En primeiro lugar, adiantar o voto favorable do Grupo Socialista a unha moción que non fai nin máis nin menos que denunciar os recortes que se producen no ensino en Galicia. O que é unha pena é que cada comezo de curso haxa que ter, dende hai máis de 10 anos, este tipo de debates, froito do que o conselleiro de Educación, o señor Rodríguez, denominou hai escasas semanas “reorganización”. Cando se fala de recortes, chámalle reorganización.

Ben, reorganización, baixo o noso punto de vista, non é incrementar a fenda que existe hoxe; dicía a compañeira que me precedeu no uso da palabra que había unha diferenza entre o ámbito rural e o ámbito urbano, o que se está é acrecentando. Sen ir máis lonxe, no ámbito dos estudos de Bacharelato, a Xunta de Galicia e o Goberno galego do Partido Popular, recorta este ano 189 docentes no ámbito da Secundaria, 189, no curso 2021-2022, a pesar de que din que van manter unha serie de medidas froito da situación poscovid e desde logo sen ter en conta cal era a situación precovid. Son 189 docentes menos que na situación anterior a que vivíramos unha pandemia.

Pero iso vese moito mellor cando se fala do peche de aulas ou cando se fala do que o señor Rodríguez chama reorganización. Se lle preguntamos a alguén en Fisterra, espazo de menos de 10.000 habitantes, ou se lle preguntamos a alguén en

Ames, que está hoxe aquí o seu alcalde, cando se actúa nun centro como o da Amaía, sen ter en conta os incrementos que se producen de poboación, ou cando no ámbito urbano e metropolitano na Coruña, Ferrol e Santiago, non se ten en conta cal é a realidade demográfica e o que se está facendo é perder espazos, perder espazos que tamén son relevantes, como bibliotecas, como espazos importantes para atender a diversidade funcional, porque a Consellería non fai o seu traballo. Non só son recortes no ámbito docente.

E, señor Lema, apoiamos a moción, pero entendemos que ademais o enfoque non ten que ver —que por suposto— con defender o persoal educativo —só faltaría—, moi relevante, ou os sindicatos, que fan o seu papel, senón pensando nos pequenos, nos nenos e nas nenas, nos adolescentes e nas familias, é dicir, o enfoque que é necesario. Hoxe vemos como non hai a sensibilidade necesaria para abordar a diversidade funcional, as necesidades que hai hoxe en determinados ámbitos, non só no ámbito urbano, senón tamén no rural. O que non se pode condenar é unha parte de Galicia e unha parte desta provincia significativamente a que só teña unha opción, unha opción que, desde logo, é moitas veces 50 minutos, unha hora; é dicir, non abordan unha reorganización do transporte escolar.

E discriminar, pódese discriminar de moitas maneiras; o Partido Popular faino dunha maneira moi sibilina, non hai recorte en ningún caso no ámbito das cidades nos espazos concertados, pero si nos ámbitos públicos, na degradación do ámbito público.

Polo tanto, evidentemente, hai unha confrontación clara de modelos. Hai espazos, dicía hai pouco un representante do Partido Popular que esta moción era política; eu non sei se aquí vimos facer outra cousa, política é preocuparse dos cidadáns, das familias e das persoas e, desde logo cando hai datos como por exemplo un incremento de case un 10 %, concretamente do 9,5 na matrícula de Formación Profesional, educación non universitaria, o que non é de recibo é manter recortes cando ademais o Estado está transferindo recursos porque a competencia exclusiva é da Comunidade Autónoma, o Estado, o Goberno de Pedro Sánchez está transferindo recursos a Galicia e, porén, eses recursos despois repártense mal, porque quen ten a competencia é a comunidade autónoma. E é lóxico que aquí fagamos política e que nos preocupemos dos nosos veciños e veciñas nos diferentes concellos da provincia.

A educación é, ou debería ser, o primeiro factor de socialización e un factor que permitira o ascensor social como se produciu a partir dos 80 e dos 90. Se algo lle doe á dereita neste país, e dígoo así porque isto é un debate claramente ideolóxico, é o que fixeron os gobernos socialistas no ano 80 e no ano 90: universalizar a educación, facilitar que calquera, indistintamente da súa procedencia ou da súa orixe, da familia na que nacera, puidera ter oportunidades.

A actuación que está tendo o Goberno galego dende hai 10 anos é unha actuación sibilina pero, desde logo, que mina a igualdade de oportunidades e mínaa por razóns fundamentais: recortando en profesorado, recortando en atención á diversidade e recortando alí onde máis se precisa, que é pensando nas persoas que non teñen recursos. Fálase pouco destas cuestións con claridade. Hoxe o

coñecemento de idiomas, os coñecementos tecnolóxicos, marcan a diferenciación moitas veces social e a capacidade de inserción laboral.

A Xunta de Galicia está facendo xusto o contrario do que é progresista, por iso son un Goberno conservador e por iso son un Goberno de dereitas. A min non me estraña que fagan o que fan. O que nos cabe aquí é nin máis nin menos que apoiar esta iniciativa, que o que fai é poñer sobre a mesa recortes que non son novos e que, por desgraza, se repiten ano tras ano. Iso si, teñen consecuencias e, desde logo, a quen menos lle afecta é a quen ten renda suficiente ou a quen mellor representa o Partido Popular. Á maioría da poboación aféctalle, e aféctalle porque todos sabemos hoxe o que supón un Goberno socialista na Xunta de Galicia e o que supón un Goberno do Partido Popular.

O anterior Goberno socialista da Xunta de Galicia —non sei por que se poñen nerviosos, señores do Partido Popular— instaurou a gratuidade dos libros de texto. Bramaron contra iso e denunciaron iso. Chegaron e eliminárono, pero cando chega o mes de setembro as familias deste país saben o que supón ter que gastar 400 € moitas veces, 400 €, se algún non o sabe, pódolle ensinar unhas cantas facturas do que custan os libros ao comezo de curso, -non sei que di, señora Gallego-, o que sabemos é que baixo o Goberno de Emilio Pérez Touriño, Goberno socialista da Xunta de Galicia, as familias si tiñan cuberto ese gasto e, polo tanto, iso tamén afecta á igualdade de oportunidades, porque non é igual 400 € para quen cobra 1.000 € que para aquel que ten moitos máis recursos. Señora Gallego, vostede e máis eu ao mellor non temos ese problema, pero nós aquí representamos unha serie de cidadáns, entón non faga demagogia, porque precisamente facer política non é que todos teñan que cobrar 1.000 €, que iso é o que persegue ao mellor o comunismo ou o que persegue os populistas, o que hai é que traballar pola igualdade e pola igualdade non se traballa facendo que á xente lle custe hoxe a educación dos seus fillos, dos nosos fillos.

Polo tanto, si, vostedes son responsables de que hoxe haxa máis desigualdade neste país e se a desigualdade empeza polo colexio, remata tamén por outras oportunidades no mercado laboral. Se hoxe unha persoa non ten competencia e coñecemento en idiomas, non está en igualdade de oportunidades con outras persoas. Se non ten competencia tecnolóxica, non está en igualdade de oportunidades con outras persoas. Por iso, por iso hai que facer política e por iso isto é un debate político, e por iso vostedes defenden o que están a facer, que son recortes: 189 profesores menos na educación secundaria, e por iso os socialistas defendemos a igualdade de oportunidades.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas e moi bo día.

Tense dito hoxe que é unha pena os recortes en profesorado, os recortes na educación en Galicia. Eu teño que comezar dicindo que o que é unha pena é que un ano máis tamén se repita a mesma historia de sempre, que é que chega o comezo do

curso escolar e intensifícanse sempre as críticas dos grupos da oposición acusando sempre do mesmo, exactamente do mesmo: recortes de profesorado, peches de escolas por parte do Goberno da Xunta de Galicia. É a mesma estratexia un ano tras outro, exactamente a mesma, e faise de xeito automático e sen ter en conta a auténtica realidade, porque aquí non se ten falado das auténticas realidades que se están vivindo en materia de educación. O que se fai é criticar gratuitamente, e penso que resulta especialmente grave nestes momentos cando estamos comezando o que é xa o terceiro curso escolar en tempos de pandemia.

Lamento esta visión tan nesgada, tan parcial, tan partidista por parte dos grupos que falaron, que interviñeron neste Pleno, porque se está convertendo, insisto, nun costume totalmente inxustificado cando chega o comezo do curso escolar, antes incluso do comezo do curso escolar.

Aínda que non o compartan, eu teño que dicir, porque así é, que o sistema educativo galego é un referente de calidade, e sen ningunha dúbida o Goberno de Galicia vai seguir traballando para que así siga sendo. De feito, temos que admitir claramente que o curso escolar pasado, curso escolar 20/21 foi un auténtico éxito de toda a comunidade educativa que permitiu blindar o desenvolvemento da actividade docente garantindo esa presencialidade tan necesaria cos recursos tamén que fixeron falta.

Dende logo este curso estamos nun escenario distinto, distinto porque existe un proceso de vacinación que foi avanzando a bo ritmo, que temos que falar dun 96 % do persoal educativo, tanto docente como non docente, xa vacinado; que o 86 % dos nenos entre 12 e 19 anos xa recibiron a primeira dose e nos primeiros días do inicio do curso van recibir ou van ter a pauta completa, e diferente pola experiencia adquirida que nos amosou que determinadas medidas como as máscaras, como a ventilación, foron eficaces ata o punto, porque aquí fálase tamén dos incumprimentos de medidas sanitarias, pero ata o punto de que os membros da comunidade educativa se viron afectados pola pandemia nunha porcentaxe inferior á media da sociedade galega: un 3,7 % a comunidade educativa, un 4,7 % o resto da sociedade civil da nosa comunidade.

Temos que dicir claramente que son falsas as afirmacións que se están vertendo nesta moción e que se fixeron nesta sesión plenaria. Totalmente falsas e interesadas. Fálase de redución do orzamento de educación, cando o certo é que a realidade é que o orzamento da Consellería de Educación é o máis alto da historia. Falaba o señor Lage do bipartito, do Goberno do señor Touriño; mire, o gasto no capítulo, xa que falamos de profesorado, o gasto do capítulo 1, do capítulo de persoal en 2008, por tanto en tempos do bipartito BNG-Partido Socialista, era de 1.333 millóns de euros; no ano 2021, 1.558 millóns de euros. Por tanto, estamos falando de 225 millóns de euros máis que se gastan en persoal. Non serán por tanto certas esas acusacións.

Pero é que, aínda máis, no curso pasado chegaronse a gastar 162 millóns de euros en investimento extra en educación. E Galicia, aínda que lles doia, porque isto non o din, Galicia ocupa a primeira posición entre as comunidades autónomas de réxime común na ratio de investimento por alumno, cun importe de case 7.000 € por

alumno, e que por certo é de 1.200 € máis que a media nacional. Por tanto, non podemos admitir, senón todo o contrario, que se fale de recortes en investimento e en orzamentos.

Falan de peches de colexios, cando tampouco podemos compartilo; non se pechou ningunha escola unitaria, non se vai pechar ningunha escola unitaria no próximo curso, pero en cambio hai cousas que non din. Porque aquí ninguén di, por exemplo, que só en Infantil e Primaria este ano vai haber 4.000 alumnos menos que o ano pasado, 4.000 alumnos menos, e concretamente 6.000 alumnos menos que no curso 2019-2020.

Se un cargo público, se unha persoa que está nun Goberno, non é capaz de facer reorganizacións cando hai estes datos, non sería gobernar correctamente, porque creo que a situación hai que adaptala aos momentos que neste caso a situación demográfica do noso país así o exige. Iso é gobernar correctamente, adaptarse en cada momento, porque son ao final recursos públicos. Por tanto, falar de reorganización cando estamos falando de que neste ano vai haber 6.000 alumnos menos, creo que está totalmente xustificado. E falan, pero iso non o din, aquí ninguén fala diso.

E falan tamén de denuncias de recortes no profesorado, pero tampouco se menciona ese Plan Recupera que permitiu no ano pasado que se contrataran case 1.000 profesores de apoio máis, e que neste ano eses 1.000 profesores máis se van converter en 1.250 profesores extra precisamente para reforzar a aprendizaxe na nosa comunidade autónoma, iso tampouco o din, pero prefiren falar de recortes no profesorado, cando o que se está facendo é un esforzo para aumentar a contratación de profesores.

Tampouco falan do proceso de estabilización de preto de 4.000 docentes que está agora mesmo en marcha e que se vai ampliar o ano que vén nunha convocatoria similar, diso tampouco lles interesa falar.

Tampouco lles interesa falar das ratios que se fixan en materia de profesorado, unha lei, por certo, unha lei que é competencia do Estado, do Goberno do Estado; unha lei que establece que esa ratio son de 25 alumnos en Infantil e Primaria por aula e 30 en Secundaria. Pois ben, en Galicia temos, tampouco o din, a mellor ratio alumno por profesor de toda a España xunto con Extremadura: un 9,2 fronte á media estatal dun 11,3 %; iso non lles interesa, é mellor dicir que hai recortes no profesorado aínda que teñamos a mellor ratio alumno/profesor. E incluso en Infantil e Primaria o 70 % das aulas teñen incluso 20 ou menos alumnos. Iso non lles interesa, prefiren mirar para outro lado.

Miren, a Xunta sempre asumiu con responsabilidade e sempre respectando a normativa, por suposto, as tarefas de determinar tanto as unidades educativas como os postos de traballo dos profesores, tanto en Infantil, en Primaria, en Secundaria e tamén, por suposto, cos profesores especialistas. E así se vai seguir facendo.

O que resulta especialmente curioso é que aquí se teña falado, e xa vou rematando, de tanto recorte. E, señor Lage, cita vostede que o Goberno do Estado, do

señor Pedro Sánchez, está transferindo recursos para educación. Mire, é moi curioso que o ano pasado, o ano pasado Galicia recibiu do Goberno do Estado 92 millóns de euros dese fondo covid para investir exclusivamente en educación, efectivamente, 92 millóns de euros. Por certo, unha cantidade sen dúbida insuficiente para afrontar todos os gastos extraordinarios que a situación da pandemia xerou, tanto para cumprir as medidas de seguridade, de protección, como para contratar profesores, insuficiente, pero 92 millóns de euros cedeu o Goberno do Estado. Este ano as transferencias do Estado para educación por esta mesma situación, que non rematou, como todos sabemos, ascenden a 0 €, 0 €, e aquí ninguén dos que interviñeron recordan a insuficiencia e simplemente o recorte auténtico do Goberno do Estado en materia de educación, que si tivo o ano pasado e que este ano é de 0 €. Iso tampouco lles interesa a ninguén, aquí só se vén a criticar á Xunta de Galicia, aos demais non interesa. Pero esta é a realidade: que a Xunta está cumprindo e que en cambio o Goberno do Estado este é o cumprimento quen ten e o compromiso coa educación do noso país.

Evidentemente, despois de todo o dito e porque claramente non compartimos as afirmacións realmente nesgadas e claramente partidistas feitas neste Pleno, imos votar en contra da moción.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Moi brevemente, creo que, como recurso, estamos afeitos a esta cuestión da confusión dos datos, datos que non se contrastan e parece que finalmente é unha palabra contra a outra. Os datos que nós expoñemos aquí hoxe están tirados da páxina web da Xunta de Galicia, e son os que indican que houbo un recorte desde o ano 2009 ata 2021 de 113 millóns de euros en educación e que houbo un aumento do 8 % da poboación en idade escolar, son datos tirados da propia páxina da Xunta de Galicia. E iso eu creo que despois aquí, evidentemente, non existe unha proba da verdade, cadaquén parece que pode improvisar ou dar as cifras que queira, pero esas son as cifras que están tiradas da propia páxina da Xunta de Galicia.

En canto que non houbo peches de centros de Educación Infantil, ten vostede á súa beira un alcalde de Pino do Val, que pode informar de se houbo ou non houbo peches, porque el poderá responderlle; está exactamente un posto máis á súa esquerda. Polo tanto, efectivamente, acabamos cadaquén de expoñer as súas razóns e ante os feitos, que son taxativos, que non son ideolóxicos, que non é un discurso sobre se a educación crea máis ou menos oportunidades, que eu penso que é evidente, pero que se pode discutir ou non, e despois está a vía simplemente empírica dos feitos, que existen ou non centros de Educación Infantil pechados, existe ou non desinvestimento en educación pública, e existe ou non un aumento da poboación escolar desde 2009 ata agora.

En todo isto que acabo de expoñer, os feitos indican que vostede non está do lado da verdade. Eu supoño que vostede fai a selección, a escollo de datos que máis lle convén, é o seu traballo, non a critico por iso, pero realmente ao final acreditamos na verdade e os datos que nós expoñemos son absolutamente certos: existe un

desinvestimento na educación pública, existe un aumento da poboación en idade escolar e existe ano tras ano un goteo de peches de centros de Educación Infantil de escolas no ámbito rural que contrasta despois con outros discursos sobre as bondades do rural, a necesidade de potencialo e demais, cando pola vía dos feitos estamos a ver que non se están garantindo, xa non digo unha igualdade no acceso, na calidade do servizo, senón nin tan sequera, case, case un empeoramento respecto da calidade que existía hai uns anos. Estamos centrando o discurso unicamente nos centros educativos, pero as dificultades de acceso de transporte escolar tamén poderían entrar dentro deste cadro.

Finalmente, dicir que por suposto esta moción foi elaborada despois de falar coas ANPA e cos sindicatos, señor Lage, porque de momento o alumnado de Primaria non ten aínda asociacións que o representen; no futuro cando as teña, falaremos con eles, pero de momento a súa voz trasládannola a través dos seus pais das ANPA e a través dos sindicatos.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Pois si, resulta lamentable ano tras ano ter que repetir a mesma historia de sempre e para que ninguén escoite, polo que parece. A auténtica realidade dos macrodatos tratados en global, pois si, é certo, Sra. Aneiros, 4.000 alumnos menos, reflexo dun drama demográfico que sofre este país que tamén podería ser merecente de atención, 4.000 alumnos menos que resoven a papeleta de excelentes datos de menor ratio alumno/profesor, evidentemente. Porque os alumnos distribúense por todo o territorio galego e hai moitísimos centros, a maioría do territorio galego son concellos rurais nos que hai pouco alumnado. Facendo unha regra matemática, establecendo unha media, pois si, saímos mellor parados, pero só porque temos menos nenos, non é tampouco para celebrar.

A cuestión é que eses nenos que asisten, e voume centrar en..., que non é unha crítica gratuíta, que estamos vendo como, efectivamente, eses centros nos que hai menor matrícula porque están asentados en áreas educativas que corresponden a concellos rurais con menos poboación, ven como o investimento foi tombar paredes nos centros educativos para construír aulas máis grandes nas que collan máis nenos e sexa necesario menos profesorado, e iso é a realidade. Estes investimentos realízanse nalgún centro como prioridade mentres ese centro non ten ascensor e non é accesible, e iso é a realidade.

A realidade é que pechamos centros educativos en concellos rurais para reorganizar como boa política cando a media de rutas de autobús nos concellos rurais son 50 minutos. Se ampliamos distancias, entendo que calidade educativa é que calquera crianza de 3 ou 6 anos bote no autobús 50 minutos, ou 60, antes de chegar á escola cada día, iso é calidade educativa.

Non todo se pode basear nun cálculo matemático no que cadrar as contas e falar de calidade educativa é falar de moito máis. E si, temos un territorio disperso, un territorio con moitísimos concellos rurais, territorios nos que, efectivamente, nacen

poucos nenos, pero iso non quere dicir que os nenos destes concellos teñan menos dereitos ou dereitos diferentes á educación que outros nenos que poden ter máis centros onde escoller ou nos que a matrícula é máis elevada.

Non é un indicador de calidade que, por exemplo, vía unha nota esta mañá, no Instituto de Melide os rapaces que escolleron o itinerario de letras non teñen garantidas as troncais dese itinerario. Rapaces e rapazas matriculadas en Bacharelato para enfrontarse a unha EBAU que vai condicionar o seu futuro, non está garantido, iso non é calidade no ensino. Non é calidade no ensino que no día de onte me chamara o equipo directivo do centro educativo no que está matriculado o meu fillo, que tamén escolleu itinerario de letras, para dicirme que non fan grupo. É un centro pequeno, con pouca matrícula, entón non chegan á mínima. A alternativa que me dan é que se matricule nunha optativa de itinerario de ciencias e, se non, que cambie de escola. Iso é o que está pasando, porque medimos o número de alumnos matriculados e reducimos os recursos ao mínimo, e non somos capaces de contemplar alternativas que dean unha resposta real á realidade da educación do noso país, facéndoa á medida e investindo en educación, non actuando como un bo Goberno e contemplando a educación como un gasto no que hai que recortar.

E así son numerosas tamén as chamadas á Inspección Educativa nestes días de pais e nais con alumnado que necesita de apoio e reforzo educativo, e que non o teñen garantido nos seus centros, mentres un dos datos nos que si que aumenta a matrícula é na Educación Especial. É dicir, que os datos en educación inclusiva tampouco son para tirar foguetes.

Así que, si, eu falo da auténtica realidade, do día a día, do que hai detrás dos números, de que a educación é o futuro e que non temos as mesmas oportunidades nin os mesmos dereitos aqueles nenos e nenas que se escolarizan en centros de referencia con menos alumnado que aqueloutros que poden ter moitos centros para escoller. E esa é a política educativa que está desenvolvendo a Xunta de Galicia e que logo, enlazando a escasa taxa de natalidade deste país, me quere vender como un logro de ter a menor ratio alumno/profesor, é o que che ten ter poucos nenos, efectivamente. Entón será este setembro e serán todos os setembros que faga falta e novembro, e meses que faga falta, que se reivindique unha educación pública e de calidade, que é o que necesitamos neste país, é o futuro das nosas crianzas, é a súa oportunidade para avanzar. Non podemos vivir condicionados ou tendo que escoller cambios de centro porque ao matricularnos no centro que nos corresponde non podemos ter todas as oportunidades.

Ademais, xa o dixeran, as familias, os pais e as nais, e penso que ninguén o vai discutir aquí, queremos sempre o mellor para os nosos fillos e fillas. O prestixio da educación, a que é de todos, a pública, está en entredito e sempre imos escoller as mellores oportunidades. De verdade, hoxe escoller entre un cambio de matrícula para garantir o itinerario que merece, co peso que ten un segundo idioma na baremación e na formación do meu fillo, ou que quede non é unha decisión difícil? Pois así están moitas familias que, ao final, como somos do rural, é verdade, somos poucas, pero esta é a realidade.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre defensa da educación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de setembro comezará o terceiro curso escolar afectado pola pandemia da Covid19. Á suspensión das clases presenciais nos primeiros meses da emerxencia sanitaria en 2020 seguíulle a recuperación parcial da presencialidade no pasado curso escolar 2020/2021. O persoal docente afronta este inicio de curso ameazado polos recortes de prazas, o peche de colexios e unha relaxación das medidas sanitarias que agravan unha situación de precariedade xa crítica. As decisións da Consellería de Educación e da Xunta de Galiza, lonxe de axudar nun momento de fatiga acumulada, dificultarán aínda máis unha educación de calidade para a nosa infancia.

A política de recortes educativos no noso país non é, por desgraza, nova. Feijoo leva pechados 138 centros públicos de ensino dende a súa chegada á Xunta de Galiza en 2009, pese a que o número de alumnado matriculado ascendeu nun 8%. Nestes anos, o orzamento en educación da Xunta de Galiza reduciuse en 113 millóns de euros, amosando unha aposta decidida por desmantelar o sistema público de educación.

Este inicio de curso verase polo tanto afectado por claros recortes nunha situación de incerteza sobre a evolución da pandemia. Os esforzos realizados por parte da Xunta de Galiza no pasado curso foron insuficientes. Pese a isto, o bo funcionamento do sistema educativo no último curso pasou polo esforzo e desgaste do profesorado, persoal non docente e traballadoras de comedores e actividades extraescolares, xunto á responsabilidade do alumnado, nais e pais. No canto de redobrar esforzos dende a Consellería de Educación da Xunta de Galiza, este curso volverase á senda dos peches de centros e recortes de profesorado.

As ANPAS e as centrais sindicais veñen denunciando peches de colexios xa en firme como a escola Pino de Val, en Mazaricos, na Provincia da Coruña. Xa está publicada tamén a supresión de 127 aulas de educación infantil, primaria e especial no país. Ademais, o recorte sen precedentes no profesorado de educación secundaria levará a unha redución de ata 109 unidades e 150 docentes menos, rebaixado así o persoal non só respecto ao curso pasado senón tamén respecto ao curso 2019/2020.

Estas decisións afectarán directamente á calidade da educación na Provincia da Coruña, aumentando ademais os riscos sanitarios derivados da pandemia e empeorando as condicións das traballadoras dos colexios e institutos. O último

exemplo, a denuncia das ANPAS e sindicatos no colexio Barrié de la Maza en Sada, onde a supresión de aulas previstas para o próximo curso influirá directamente na calidade da educación e na atención tamén ao alumnado con necesidades educativas especiais.

A situación sen dúbida é inxusta e crítica para un sector chave na sociedade que leva sufrindo esta crise da Covid19 sostendo a labor educativa en condicións adversas.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

4. Apoiar nas súas reclamacións ao profesorado, ás centrais sindicais de educación, ás ANPAS, ao persoal non docente e outras traballadoras dos centros de ensino.

5. Instar á Xunta de Galiza e á Consellería de Educación a frear os recortes de persoal e os peches de aulas e colexios.

6. Facer traslado desta moción á Consellería de Educación, á Xunta de Galiza, ás centrais sindicais de ensino e as ANPAS da provincia da Coruña."

Sr. Presidente

Hai outra moción presentada polo Grupo Provincial de Marea Atlántica sobre o apoio aos traballadores da antiga Alcoa Coruña.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o apoio aos traballadores da antiga Alcoa Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de outubro de 2017 a empresa multinacional da produción de aluminio Alcoa anunciaba por sorpresa e sen negociación previa o peche das súas plantas na Coruña e Avilés. Desde aquela data deica hoxe, só a loita continuada e solidaria e a teimosía do seu comité de empresa e cadro de persoal impediu que pechase a fábrica de aluminios da Coruña. Estamos ante un caso que pon de manifesto o fracaso das políticas privatizadoras levadas a cabo nos 90 por parte do goberno de Aznar, e que supuxeron, a venda da empresa pública Inespal a Alcoa por un prezo inferior ao seu valor contable, tal e como facía constar no seu informe o Tribunal de Contas. Inespal era, ademais, naquela altura unha empresa rendible que daba beneficios cada ano.

Pero hoxe vemos como proseguen estas políticas nefastas para o mantemento do emprego industrial do noso país. A escalada inaudita do prezo da enerxía eléctrica pon en cuestión a a viabilidade de calquera tipo de actividade industrial no noso país. Así mesmo, o desleixo das administracións competentes e comprometidas mediante convenio no futuro da antiga Alcoa-Coruña amosa quer a súa falta de vontade política, quer a súa falta de capacidade para facer efectivos os acordos subscritos.

Só así se explica que tivera que ser unha xuíz a que tivese que decretar, o 5 de maio deste ano, a intervención da planta da antiga Alcoa na Coruña, logo de que se demostrase que Alu-Ibérica, propiedade do Grupo Riesgo a quen Parter Capital lle vender as plantas da Coruña e Avilés, estaba a levar a cabo “operacións que inciden na descapitalización e despatrimonialización da empresa”, nunha operación que culminou coa detención do dono de Riesgo, Víctor Domenech. Non se precisa un exemplo máis elocuente ca este para ilustrar a pasividade das administracións central e autonómica, responsables de fiscalizar un acordo de venda que puxo en mans de presuntos delincuentes o futuro económico de máis de trescentas familias da comarca coruñesa.

Ademais das prácticas antes descritas, a antiga propiedade aínda mantén hoxe o despedimento de 5 persoas do comité de empresa e, a consecuencia da intervención da empresa, a planta coruñesa atópase parada dende vai semanas e pechada temporalmente desde o pasado 28 de agosto, coa conseguinte desvalorización dos seus activos e degradación das súas instalacións e maquinaria.

Cómpre dicir, por último, que a situación do cadro de persoal está chegando tamén ao límite das súas forzas, logo de case catro anos de mobilización e resistencia ás manobras das sucesivas propiedades e ao desleixo e abandono das administracións, tal e como nos manifestaron na xuntanza mantida o pasado 2 de setembro.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña manifesta o seu apoio e solidariedade coa plantilla de traballadores e traballadoras da antiga Alcoa Coruña.

2. A Deputación da Coruña solicítalle, ademais, ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellaría de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña que se reúnan, á maior brevidade posible, co comité de empresa para coñeceren de primeira man a situación da mesma marcar a folla de ruta para a súa viabilidade futura.

3. Dar traslado do seguinte acordo ao Comité de empresa de Alu Ibérica A Coruña, ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellaría de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña.

Sr. Lema Suárez

Grazas, presidente. En primeiro lugar, saudar os traballadores, os representantes dos traballadores de Alcoa, que se atopan hoxe na sede da Deputación, no sexto andar, asistindo a este debate. Unha moción, un debate que coincide coa nova coñecida hoxe, comunicada a eles a través do administrador xudicial e que probablemente teñan que entrar en ERTE para poderen cobrar as nóminas a partir de agora.

Ben, sei que hai a quen non lle gusta que falemos da historia, das causas das cousas que deliberamos hoxe aquí, pero eu penso que o xusto e o responsable é saber como se produciu esta situación, cales son as súas causas.

Se me permiten unha pequena alegoría, podemos dicir que a planta non seca cando lle cae a última folla, senón que seca cando deixamos de regala. E está claro que a industria é un sector que en calquera Estado recibe axudas de xeito directo ou indirecto por parte das administracións, cando falamos de regar, ese é a rega que eu penso do que careceu ao longo de todo este tempo a fábrica de aluminios da Coruña, a antiga Inespal, para chegar ata a situación dramática que hoxe vive e que atinxe a unhas 300 familias da nosa cidade e da nosa comarca. Permítanme que faga, por tanto, como o tema creo que o require, un sucinto resumo da traxectoria desta empresa.

A antiga Inespal, como vostedes saberán, unha fábrica pública de aluminio, o material da cal o Estado español é excedentario nun 70 %, por tanto non existe un criterio que teña que ver coa necesidade de prover ou non o mercado interior deste produto, senón que é un produto, insisto, deficitario, importador o Estado del. Esta empresa privatízase a mediados dos anos noventa polo Goberno de José María Aznar, eu creo que hai que poñerlle tamén nome a apelidos aos responsables do que agora sucede; desde logo tamén hai responsables desde o outro lado, de quen basicamente compartiu o poder no Estado español ao longo dos últimos 45 anos. Esa fábrica Inespal, cando esa empresa é privatizada, é unha empresa que todos os anos ten beneficios, polo tanto, a súa privatización obedecía máis a cuestións dogmáticas, a cuestións ideolóxicas, que á realidade dos números que ofrecía a propia empresa. E ademais foi vendida a un prezo que un informe do Tribunal de Contas da época consideraba inferior ao seu prezo de mercado. Foi vendida a Alcoa, a súa competidora, a unha multinacional norteamericana, que se fixo cargo dela e se atopou con outro dos grandes problemas estruturais do noso país, que ten que ver coa necesidade, a falta dunha provisión de luz a un prezo competitivo e a un prezo estable a futuro.

Xa é outro debate enorme no que creo que non nos debemos meter, pero basicamente tamén hai que dicir que obedece á mesma lóxica, non temos un prezo da luz máis ou menos estable e competitivo, senón que temos en termos relativos o prezo de luz máis caro da Unión Europea, non digo en prezos absolutos, en prezos relativos con relación á renda per cápita. Isto prodúcese tamén porque nos noventa comeza tamén unha serie de privatizacións e de desregulación do mercado eléctrico. E hai que dicir tamén que, por suposto, os gobernos de Felipe González tamén son responsables destas políticas.

Esta situación culmina no ano 2017 coa vontade da empresa, de Alcoa, de pechar a fábrica da Coruña, e aí son os traballadores, realmente nunha loita que non é esaxerado cualificar de heroica, manteñen ata hoxe, catro anos despois a empresa aínda activa, aínda activa aínda que, como dixen antes, en situación máis que preocupante.

As administracións dese momento, a Administración estatal e tamén a Administración autonómica, asinaron un compromiso para fiscalizar a venda de Alcoa

aos seus posibles futuros compradores. Quen compra esta empresa é Parter, máis adiante Grupo Riesgo, demóstrase en vía xudicial que leva a empresa a prácticas delituoso. Di o auto da xuíza, estámonos encontrando unha e outra vez coa mesma dinámica neste país, que é que o estamento xudicial ocupa as funcións e as competencias que en teoría lle tocarían ao estamento político, ao estamento executivo, ante a súa pasividade, ante o seu desleixo, intervén a fábrica pola vía xudicial e, nun auto que merece a pena desde logo ler, describe unha serie de prácticas que dan a entender que a súa nova dirección, a súa nova propiedade non é esaxerado cualificala de delincuentes; si, delincuentes que, segundo describe a xuíza da Audiencia Provincial da Coruña, están en prácticas que atentan contra o patrimonio da empresa e tamén, por suposto, contra a súa viabilidade. Nese momento decídese intervir a empresa e estamos xa no momento presente, practicamente, no que desde o pasado mes de xullo a empresa deixa de ter subministracións que posibiliten a súa produción, non ten por tanto actividade, e na que agora mesmo nos atopamos nunha situación de absoluta incerteza sobre o seu futuro.

Eu, como representante político unicamente da cidade da Coruña, non podo facer máis que trasladar aquí a esta Cámara as peticións case, case desesperadas que nos transmiten os traballadores e representantes do cadro de persoal da fábrica de aluminios da Coruña para que dunha vez fagamos algo. Eu creo que estamos falando todos os días deses fondos europeos de reactivación económica para crear novas industrias que van ser verdes e dixitais todas elas, e estamos ao mesmo tempo deixando morrer fábricas que están, que estaban hai dous días en uso e que tamén tiñan capacidade para dedicarse ao aluminio secundario, á propia reciclaxe de aluminio.

Polo tanto, a verdade é que non entendo, é difícil entender a contradición entre estes dous discursos: un discurso que di que imos reindustrializar o país grazas aos fondos europeos e que, ao mesmo tempo, contrasta coa agonía e coa morte lenta á que parece ser que condenamos a un sector primordial para nós, como é o siderúrxico de produción de aluminio, un elemento, como dixemos, estratéxico e esencial para o Estado. Por todo o seguinte, propoñémoslle á Deputación Provincial de Coruña a adopción dos seguintes acordos:

- En primeiro lugar, a Deputación da Coruña manifesta o seu apoio e solidariedade co cadro de persoal de traballadores e traballadoras da antiga Alcoa A Coruña.

- En segundo lugar, a Deputación da Coruña solicítalle ademais ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellería de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña que se reúnan, coa maior brevidade posible, co Comité de Empresa para coñecer de primeira man a súa situación e marcar a folia de ruta para a súa viabilidade futura.

- Por último, propoñemos dar traslado do seguinte acordo ao Comité de Empresa de Alu Ibérica A Coruña, ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellería de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

Imos apoiar, como non pode ser doutro xeito, esta moción, pero non podemos deixar de lamentar que, visto ese acordo, que vai ser con toda seguridade unánime aos puntos que contén esa moción, non se puidera chegar a darlle forma e pulo de declaración institucional. É dicir, penso que había que ter por diante o verdadeiramente importante, que é o contido deses acordos, máis que determinadas cuestións que na exposición de motivos se fan constar e que pensamos que deben estar subordinadas evidentemente a esa posibilidade. Non queremos con isto dicir que non haxa que facer ou recoñecer un devir histórico, pero pensamos que podería ser perfectamente compatible, e penso que, se se fixera algún esforzo maior por parte do grupo propoñente, penso que non habería ningún problema para que tamén a representación dos traballadores puidera estar cómoda cun relato previo, pero sobre todo coa forza dunha declaración institucional e non dunha moción, que vai saír adiante por unanimidade, pero que pensamos que non era necesario antepoñer esa determinada redacción para darlle, digamos, máis lustre a un determinado discurso político por riba do que son os acordos.

Pero xa que finalmente debatemos e se lle deu esa importancia á parte relativa á exposición de motivos, pois entón xa vamos falar efectivamente dese devir histórico. Hai que recordar evidentemente a historia, non temos ningún problema con iso, o que pasa é que ás veces esa idealización, a que nos leva a ter os dous ollos no pasado e non deixar un para mirar cara ao futuro, pois ás veces leva tamén a cometer erros. Xa que imos falar de historia, imos falar e imos dicir as cousas como foron. Vostede pouco menos que —está no seu dereito— vén aquí dicir que a culpa da situación actual de Alcoa é do que ocorreu neste país hai xa 30 anos, iso é como botarlle a Edison a culpa da factura da luz actual. Evidentemente, xa me tarda con vinte e pico ministros no Consello que a ningún se lle ocorrera aínda botarlle a culpa ao inventor da electricidade do prezo histórico da luz que estamos a vivir un día si e outro tamén. Pero é que, ademais, incluso partindo de que esa fose unha premisa acertada, que nós non compartimos, pero pode ser que alguén así o pense, entón fagámolo ben e poñamos efectivamente nomes e apelidos, pero poñamos todos, porque hai que saber que o inicio dese tránsito do público ao privado desta empresa o iniciou un goberno socialista, iniciouno, e foi o adiamento das eleccións o que fixo que realmente ese proceso o culminara o Partido Popular no Goberno, pero, ben, aí están as propias declaracións do ministro socialista no seu tempo que dicía que non había ningún tipo de compromiso para a viabilidade da empresa.

E tamén é un pouco arriscado, non sei se realmente aquí se está a soste que, se ese paso non se tivera dado nos anos 90, a empresa a día de hoxe non estaría na situación en que está. Paréceme xogar de xeito moi arriscado un pouco a esa bóla máxica de saber o que ía pasar, pero é que ademais falamos dunha empresa que é certo que no ano inmediatamente anterior dera beneficios, pero que nos catro anteriores dera perdas, e que mesmo na década anterior, nos anos 80, estivera en situación de suspensión de pagos.

Pero, ben, deixando á marxe esta precisión, xa que entramos neste tema, tamén si que o que non entendemos é que logo non se sexa tan metódico á hora de falar da situación actual e, dende logo, o que non podemos compartir é que, cando vostede menciona na súa moción a pasividade, ou denuncia a pasividade das administracións central e autonómica, non, mire, por aí si que non estamos de acordo, non podemos tolerar que se meta no mesmo saco á Xunta e ao Goberno no que se refire á actuación, sobre todo, no que si ten que ver coa situación actual, que son especialmente os tres últimos anos. Porque é certo que pasando do sector público ao privado durante 23 anos, con altos e baixos derivados de moitas variables, se estivo traballando con certa garantía de viabilidade. E, neste sentido, a Xunta cando se entra neste escenario adopta dentro do ámbito das súas competencias determinadas decisións, como son as de aprobar un plan para a industria electrointensiva, declarar o sector como esencial e estratéxico e, por suposto sempre estar a favor de calquera tipo de iniciativa, de apoio, de reunión para buscar unha saída a esta situación.

E, pola contra, o Goberno do Estado, do que vostedes forman parte, porque vostedes parece que pasaban por aí, pero logo falaremos diso. É dicir, o Goberno do Estado son tres anos de promesas incumpridas e de enganos, é dicir, por intentar non estenderme, se falamos do que é o Estatuto para os consumidores electrointensivos, no que tres comunidades autónomas de distinto signo político presentaron unhas alegacións que foron totalmente desatendidas, e ao final tarde, incumprindo a normativa que así o esixía, chega ese estatuto e chega sen dar resposta aos problemas que hoxe nos teñen aquí debatendo e que teñen en risco, que ese é o principal problema, o futuro de 5.000 familias.

Cales son? Pois que, evidentemente, ningunha das medidas propostas garanten que o prezo por megavatio poida ser sequera competitivo cos países do noso entorno, porque triplicamos o prezo desa enerxía. Non ofrece estabilidade, que é outra variable tamén importante pois cando outros países como, por exemplo, Italia fan unha poxa cada tres anos e logo o complementan con outras máis pequenas a principios de cada ano. E, terceiro, porque ademais se incrementa o número de posibles empresas beneficiarias de 119 a 612, unha situación que curiosamente, curiosamente, pois favorece especialmente a empresas radicadas en Cataluña e no País Vasco, curiosamente.

Entón, como conclusión, pensamos que non é xusto que, xa que imos facer un percorrido histórico, que tanto peso lle dá vostede, señor Lema, nesta moción, pois pensamos que non é xusto que no mesmo saco vaian estar Xunta e Estado. Galicia aportou no ámbito das súas competencias solucións; o Goberno mantívose, vamos dicilo así, sen facer todo o que probablemente lle era esixible e, cando o fixo, fíxoo tarde e mal.

Pero desta falta de compromiso vostede é moi humilde, é dicir, vostede preséntase aquí como un humilde representante do Concello da Coruña, condición que eu comparto con vostede, pero non sexa tan humilde, señor Lema. Vostede é Goberno, vostede é Goberno, si, gobernan en coalición co PSOE; o seu cabeza de lista nas últimas dúas eleccións xerais era o señor Gómez Reino. É dicir, nas últimas autonómicas xa non sei, porque vostedes son de afectos inquietos e xa non me atrevo a dicir que era o seu candidato, pero si que o foi. Vostedes teñen, malo será que, se

non, vostede non teña alguén a quen pedirlle o número dunha vicepresidenta do Goberno de España, a señora Yolanda Díaz. Pode chamala e ao mellor tamén lle axuda a encontrar ou a atopar esa camiseta laranxa de Alcoa que hai dous anos que perdeu de vista a señora Díaz, porque foi pisar alfombra e non se volveu saber desa camiseta, mesmo podemos incluso, no caso de que non a atope, aproveitar e a que vostede loce no seu escano facerlla chegar para que realmente se molle e interceda por esa solución para Alcoa.

Mire, o certo é que a actualidade esixe non só o voto favorable, eu penso que esixía quizais que tivésemos un pouco máis altura de miras; dicíao o señor Lage, aquí vimos facer política, evidentemente, pero hai políticas e políticas, e quizais isto esixía outro tipo de política que, se isto puidera ser unha declaración institucional, non ter que embarrar eses acordos cos que todos non temos nin unha coma que moverlles, para que isto puidera ser así. Pero o certo é que a realidade é que ese Goberno que vostedes forman parte é o que a día de hoxe ten en vilo aínda o futuro de 5.000 familias. Noticia desta semana: *“Los trabajadores esperan noticias de las negociaciones del Ministerio con Alcoa, el Comité de Empresa asegura que la ministra de Industria, Reyes Maroto, está llevando personalmente las negociaciones con la multinacional”* —isto non sei se é motivo para estar máis tranquilos ou non—, e o que si deixa ben claro é que sen fecha, *“de momento no ha sido convocada ninguna reunión para informar a los trabajadores de la marcha de esas negociaciones”*.

Remato simplemente reiterando o noso apoio, que é o do Goberno autonómico, a esas familias que seguen sen ter garantido un futuro nesta empresa e, polo tanto, votaremos a favor dos tres puntos que integran esta moción.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Lage Tuñas

Grazas señor, presidente.

Sr. Rodríguez, a verdade é que seguramente non lle faga eu moito favor dicindo que sempre é agradable manter un debate, aínda dentro da discrepancia, con vostede, para nós é sempre moito mellor que vostede interveña menos e que o seu grupo non lle dea moita cancha, pero non quero deixar de recoñecerlle as súas habilidades. Non é o mesmo ler un papeliño que che envían da Consellería de Educación para repenicar o que dixó o conselleiro no Parlamento, a intentar manter un debate.

O que pasa é que vostede se contradí, facilmente compartible o de facer unha declaración institucional conxunta. Claro, achacarlle ao señor Lema que queira facer política e embarrarnos; seguramente o señor Lema atende a súa parroquia e fai o seu papel, como di el, loxicamente, non me vou meter niso, o que pasa é que vostede, falando das empresas do País Vasco ou de Cataluña, imaxino que esas empresas non aparecerían hoxe, nin esas axudas serían de hoxe. Claro, aí é onde caen todas as contradicións desta política na que temos que convivir, se participamos nela, pero desde logo creo que os argumentos caen polo seu peso aos cinco minutos cando non se poden soste 5 anos antes, 10 anos antes, 8 anos antes; é dicir, é todo moi de

caneo curto.

Falar do prezo da enerxía e non poder falar da enerxía neste país con certa liberdade, é dicir, ter que recorrer ao politicamente correcto, pois fai que estes debates pois sexan un pouco de *chichinabo*, señor Rodríguez. Entón, que quere que lle diga? Vostede cumpre un papel, paréceme ben que o cumpra, claro que deberíamos poder acordar unha posición institucional.

Claro, vostede fai unha crítica a que a ministra se implique, e eu pois desde logo teño que dicir que oxalá cando o señor Rajoy gobernaba, vostedes mesmos o recoñecen, alguén se implicara. Pode saír mal ou ben que un ministro ou unha ministra adopte unha posición e asuma en primeira persoa, claro que ten riscos, pero desde logo como mínimo recoñézanlle, recoñézanlle que intenta buscar unha solución a un problema que non é fácil; se faláramos destes asuntos intentando non meterlle o dedo no ollo ao adversario político, ao mellor ía un pouco mellor, Sr. Rodríguez. Iso que vostede lle achacaba ao señor Lema, porque podía haber unha declaración institucional, ao tempo que o facía, ao tempo que vostede propoñía unha declaración institucional, o que estaba era intentando meter o dedo no ollo, iso si, dicindo que todas as críticas si, pero as do Goberno galego non. E por que non?, cal é o motivo?, coñecemos a política industrial da Xunta de Galicia? Pero non me refiro a se a coñecemos, se a coñecemos en realidade. Hai un problema de fondo, brutal, brutal, neste país, e non se quere falar, da perda de empregos no sector industrial, do que supón en termos económicos, antes falábase de demografía e de fixar poboación. Claro, a Xunta de Galicia administra 11.500 millóns de euros todos os anos, o que hai é que preguntarse cal é a política que desenvolven?, non lle estou pedindo que resolvan o de Alcoa. O que quero dicir é que, sempre sacándose as culpas e botándolles as culpas aos demais, o que practican é o escapismo, que o propio presidente da Xunta, que nese sentido é o escapismo de Houdini, no que nunca teñen responsabilidade en nada, a culpa sempre é doutro: se é nun concello é dun alcalde; se non é dun concello, bótanlle a culpa a Pedro Sánchez. Iso si, vostedes administran o Goberno autonómico, o que non se sabe é de que son responsables, parece que de nada.

Eu creo que é moito mellor, e xa remato, que sexamos capaces de mirar cara a diante e de sumar en positivo. Se o que nos preocupa, e é o que nos debería de ocupar non só é o de Alcoa, pero agora mesmo o debate que se pon sobre a mesa é o de Alcoa Coruña, pois o que aquí se pon sobre a mesa, que é manifestar o apoio e a solidariedade co cadro de persoal de traballadores e traballadoras da antiga Alcoa Coruña, por suposto, o Grupo Socialista está non só en solidariedade, senón que traballa conxuntamente en todas as institucións para intentar ver non só a viabilidade, senón que se adopten decisións que permitan falar, non de futuro, sempre estamos a falar do futuro, parece que é algo que vai vir no século que vén; o que hai é que ser capaces de dar respostas que permanezan no tempo e dean non só viabilidade, senón esperanza para moitas familias e, por que non dicilo, tamén saber se estamos acertando e en que hai que investir os recursos públicos. Como ese debate tampouco se pode ter, porque tampouco podemos falar de en que se inviste, que é o que vai fixar poboación, canto leva investido o Goberno autonómico en empregos no ámbito do sector industrial. É dicir, é o mesmo un emprego no sector industrial que no sector servizos? Nunca temos eses debates. Pero, claro, hai que mollarse e hai que tomar

decisións. Tomar decisións supón desgaste. Entón, mellor, xa lles botamos a culpa a todos os demais.

Hai pouca altura de miras, hai pouca política, claro que si, claro que vimos facer política, discutir e discrepar pero ser capaces de chegar a un acordo é facer política.

Polo tanto, si a que poida haber declaracións institucionais, si a que sigamos traballando cos antigos traballadores da factoría de Alcoa e, desde logo, si á implicación do Ministerio. Non verá nunca que nós lle viremos a cara, é dicir, a nós poderannos criticar porque sexamos esixentes co Ministerio de Industria ou con calquera outro Ministerio gobernando o Partido Socialista, porque nós defendemos este país, señor Rodríguez, defendemos este país, governe quen governe en España; vostedes non poden dicir o mesmo, non poden dicir o mesmo e aos feitos me remito. Polo tanto, non só a solidariedade, o apoio, que se fagan todas as xestións que se teñan que facer, por suposto. E tamén dicir que estamos para iso, para iso, non para meter o dedo no ollo ao adversario cando o que nos estamos a xogar é o futuro económico de Galicia.

E nesta provincia xa temos exemplos dabondo do que son peches no sector industrial, e parece que o Goberno autonómico nin está, nin se lle espera. Ao mellor resólvese todo dicindo que a culpa é doutro, pero o que ten que preguntarse aquel que administra 11.500 millóns de euros é que é o que pode facer el por este país, non o que poden facer os demais. O que poden facer os demais está ben que llelo exixamos, pero o que hai que preguntarse, despois de que leven gobernando dende 2009 é o que levan facendo por este país e cantos empregos no sector industrial se levan perdidos. Fagan a conta, fagan a conta e dígnannos unha soa política no terreo económico, no terreo industrial que fixo a Xunta de Galicia. Voulle dicir eu un para que vaian pensando: Salvaterra do Miño, Aplisan, aínda hai unha piscina olímpica alí montada, ese é o traballo na política industrial que fai a Xunta de Galicia. Saben de cando é ese proxecto? Si, sábese, verdade, señor Rodríguez?, ben, pois, non hai máis comentarios. Propaganda pode haber moita, política industrial, cero.

Nada máis.

Sr. García Seoane

Moitos ditos fan que me acorde do meu avó, un deles dicía “o falar non ten cancela”. A min paréceme que levamos moitos anos, governe quen governe España ou a comunidade autónoma, levamos moitos anos destruíndo o tecido empresarial de Galicia. Eramos a primeira potencia en pesca do mundo hai un montón de anos, ao principio da democracia, hoxe nin se nos coñece. Eramos os mellores estaleiros tamén de España, con Cádiz e outros, hoxe somos os últimos da fila. Estabamos no tema das centrais, desaparecen. E así podíamos enumerar un montón de industrias, porque, claro, non pode vivir un país de servizos só, un país de servizos só non vive, ten que ter industria, e a industria escapa nas mans daqueles especuladores internacionais que sempre levan a industria, o desenvolvemento desa materia, do ferro, do aluminio, de todas estas materias, a aqueles lugares onde lles sae máis económico. E lamentablemente nós temos un mellor nivel de vida que moitos deses

países e estas empresas collen e levan todo co beneplácito daqueles que lles venderon ou lles regalaron no seu día as empresas do país. Entón, podíame prolongar aquí e entón caería no mesmo que os demais compañeiros.

Eu recomendaríalles aos compañeiros de Alcoa que as declaracións as leva o vento; hoxe aquí tomamos un acordo, marchamos para a casa todos, felices e contentos, xa cumprimos. Non, non, hai que tomar as institucións, e non digo cos votos, hai que ir ao Parlamento, hai que ir a Madrid ao Ministerio, hai que ir onde sexa, eu apúntome, que saiban que son o primeiro en ir con eles, a ver cantos deputados imos ver alí e alcaldes e concelleiros, a ver cantos alcaldes e deputados imos ver se se tomara a decisión de ir tomar as oficinas daqueles que teñen que tomar resolucións. Iso é o que eu lles recomendo aos compañeiros de Alcoa. O demais, seguiremos falando e, como dicía meu avó “o falar non ten cancela”. Vou aprobar a moción, claro.

Sr. Lema Suárez

Tratarei de ser breve. A ver, eu estou seguro de que ao cadro de persoal e aos traballadores, tamén a min por suposto, nos interesan máis as solucións que os culpables ou as causas do problema, iso está clarísimo. Sucede que ese estilo de declaración concisa propoñendo simplemente saídas creo que debemos levar nos últimos catro anos pois ao mellor unha ducia, sen esaxerar, contando o Concello da Coruña e demais. Entón, empezamos a chegar a un momento no que parece que non damos solucións, as solucións non chegan, e que a cambio tampouco identificamos as causas, e polo tanto tamén os culpables. Isto é así, isto é así.

Entón, cando un fala de sector industrial público, enseguida aparece unha acusación de demagogia, ou unha peor aínda que é esa, a de comunista. Sucede que no mesmo entorno lexislativo, no mesmo bloque no que se encadra o Estado español, que é a Unión Europea, hai países como Francia, que ten unha empresa pública de enerxía que aproximadamente ten o 80 % da produción de enerxía, produción e comercialización, EDF, que ninguén se aventurou nunca a intentar privatizar. Outro tanto sucede con Italia, por certo dona, o Estado italiano a través da súa empresa enerxética, de ENEL, dona de Endesa, e que toma decisións definitivas sobre o noso entorno económico.

(Abandona a sesión a Sra. Muíño Filgueira).

Entón, deixémonos de acusar de demagogia, deixémonos de acusar de comunismo que para min, por certo, nunca será unha acusación esa, desde logo, a aqueles que propoñan que o Estado participe directamente en economía, sobre todo naqueles sectores que se identifican como estratéxicos. Pode haber un sector máis estratéxico que o sector da produción de enerxía? Nós pensamos que non. Pódese ter industria sen ter un sector enerxético fiable, que sexa capaz de garantir custos determinados a longo prazo? Parécenos case, case imposible.

Polo tanto, chegados a este punto, despois de que vísemos que, efectivamente, o falar non é que non teña cancelas, o falar foi un exercicio bastante inútil, pensamos que hai que incluír na proposta, na reclamación das solucións unha

análise, unha diagnose de onde veñen as cousas, cales son as súas causas e cales son os seus responsables. Dito isto, sen situarnos tampouco a nós mesmos fóra da partida. Eu tampouco, desde logo, me gusta esta xogada de estar no Goberno e na oposición ao mesmo tempo, asumo o lugar no que estamos e a parte de responsabilidade que nos toca, ou a parte de impotencia ou a parte de promesas e compromisos incumpridos, por suposto, faltaría máis. Pero, se os asumimos nós, que os asuma tamén todo o mundo. E, desde logo, o grao de responsabilidades non é idéntico e todos en todos os casos.

Entón nada máis, agradecer o apoio á moción, no meu nome e en nome da propio cadro de persoal e nada máis, grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 2 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputada (BNG - en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre o apoio aos traballadores da antiga Alcoa Coruña"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de outubro de 2017 a empresa multinacional da produción de aluminio Alcoa anunciaba por sorpresa e sen negociación previa o peche das súas plantas na Coruña e Avilés. Desde aquela data deica hoxe, só a loita continuada e solidaria e a teimosía do seu comité de empresa e cadro de persoal impediu que pechase a fábrica de aluminios da Coruña. Estamos ante un caso que pon de manifesto o fracaso das políticas privatizadoras levadas a cabo nos 90 por parte do goberno de Aznar, e que supuxeron, a venda da empresa pública Inespal a Alcoa por un prezo inferior ao seu valor contable, tal e como facía constar no seu informe o Tribunal de Contas. Inespal era, ademais, naquela altura unha empresa rendible que daba beneficios cada ano.

Pero hoxe vemos como proseguen estas políticas nefastas para o mantemento do emprego industrial do noso país. A escalada inaudita do prezo da enerxía eléctrica pon en cuestión a a viabilidade de calquera tipo de actividade industrial no noso país. Así mesmo, o desleixo das administracións competentes e comprometidas mediante convenio no futuro da antiga Alcoa-Coruña amosa quer a súa falta de vontade política, quer a súa falta de capacidade para facer efectivos os acordos subscritos.

Só así se explica que tivera que ser unha xuíz a que tivese que decretar, o 5 de maio deste ano, a intervención da planta da antiga Alcoa na Coruña, logo de que se demostrase que Alu-Ibérica, propiedade do Grupo Riesgo a quen Parter Capital lle vender as plantas da Coruña e Avilés, estaba a levar a cabo "operacións que inciden na descapitalización e despatrimonialización da empresa", nunha operación que

culminou coa detención do dono de Riesgo, Victor Domenech. Non se precisa un exemplo máis elocuente ca este para ilustrar a pasividade das administracións central e autonómica, responsables de fiscalizar un acordo de venda que puxo en mans de presuntos delinquentes o futuro económico de máis de trescentas familias da comarca coruñesa.

Ademais das prácticas antes descritas, a antiga propiedade aínda mantén hoxe o despedimento de 5 persoas do comité de empresa e, a consecuencia da intervención da empresa, a planta coruñesa atópase parada dende vai semanas e pechada temporalmente desde o pasado 28 de agosto, coa conseguinte desvalorización dos seus activos e degradación das súas instalacións e maquinaria.

Cómpre dicir, por último, que a situación do cadro de persoal está chegando tamén ao límite das súas forzas, logo de case catro anos de mobilización e resistencia ás manobras das sucesivas propiedades e ao desleixo e abandono das administracións, tal e como nos manifestaron na xuntanza mantida o pasado 2 de setembro.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. A Deputación da Coruña manifesta o seu apoio e solidariedade coa plantilla de traballadores e traballadoras da antiga Alcoa Coruña.
2. A Deputación da Coruña solicítalle, ademais, ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellaría de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña que se reúnan, á maior brevidade posible, co comité de empresa para coñeceren de primeira man a situación da mesma marcar a folla de ruta para a súa viabilidade futura.
3. Dar traslado do seguinte acordo ao Comité de empresa de Alu Ibérica A Coruña, ao Ministerio de Industria, ao Ministerio de Transición Ecolóxica, á Consellaría de Industria, ao administrador xudicial e ao Concello da Coruña."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Pasamos a rogos e preguntas, hai un rogo.

Sr. García Seoane

Eu quería facer un rogo, non para que se cabree Calvelo, pero si toca a Arteixo, por tanto...

Sr. Presidente

É poñer a venda antes da ferida, como diría o teu avó.

Sr. García Seoane

En vez de cabrearse tiña que aplaudirme.

Fun ver unha obra que fixo a Deputación, soberbia, moi ben feita por certo, no 95 %, unha estrada que vai desde Roris a Anzobre, nun proxecto que presenta no seu día, creo, o mesmo Concello de Arteixo á Deputación para que llo faga, nunha estrada provincial.

A obra non ten discusión, está moi ben feita, unha beirarrúa en condicións, ancha, con servizos, etcétera, con ampliación de calzada, pero fórona c... en dúas taxéas que cruzan a estrada: unha fronte ao colexio público que está naquela zona, e outra un pouco máis adiante. É vergoñento ver unha estrada que quedou marabillosamente ben, cunha plataforma marabillosa, e que resulta que chegou un momento e que se reduce aos 4 metros que tiña a estrada antigamente, cunhas moles de cemento que calquera que vaia despistado se lo come y se lo barre todo totalmente, porque ademais colle unha recta.

Consultado cos servizos técnicos, xa se me dixo que non era un problema, que non foi un problema da Deputación, pero é un problema que si ten que salvar a Deputación porque aquilo é vergoñento. E non vale que se diga que é Patrimonio, porque alí Patrimonio, nunha taxéa non pode vir Patrimonio a dicir que non se pode tapar unha zona, ampliar a estrada porque se tapa unha pedra que había alí nunha taxéa. Por tanto, rogo que se faga esa obra, que se culmine para que brille como ten que brillar, e que se saque un perigo grandísimo para o tránsito de vehículos. Porque si, os peóns van por unha beirarrúa, separaron a beirarrúa da estrada, pero no medio da estrada aparece un triángulo tremendo nos dous sitios; e, por tanto, solicito neste caso á Presidencia, a Vías e Obras, que no prazo máis breve posible corrixan esa anomalía tan grave que quedou nesta estrada que desloce unha obra importantísima que fixo e pagou a Deputación.

Sr. Pequeño Castro

Bo día. Sr. García Seoane, no último Pleno aprobamos unha obra de trescentos e pico mil euros onde se vai facer esa solución desas dúas taxéas e a rehabilitación; é dicir, témola aprobada, está en contratación, no momento en que se contrate soluciónase o problema xa.

Sr. Calvelo Martínez

A ver, yo quería comentar porque sí que en este caso, Sr. García Seoane, debería tamén recorrer a senda. Nós, el Concello de Arteixo, en los últimos diez años ha hecho 6 sendas en las carreteras de la Diputación, con un gasto de más de 2,5 millones de euros pagados por el Concello; y en toda las sendas, siempre que ha habido algún problema, se ha buscado alguna solución.

En este caso, efectivamente, nadie está de acuerdo, nadie entiende por qué dejaron la situación del estrechamiento que hay allí, porque habría sido mejor solucionarlo en obra y no esperar a hacer un modificado. Efectivamente ,hay que

hacer un modificado porque se va a asfaltar completamente el vial pero, y el presidente estuvo ya también ahí visitando la senda conmigo, y hay más problemas. Tú no fuiste a verla, hay vecinos que queda lo que es toda la senda sin contención de terreno, que en este invierno se va a desmoronar, y el Presidente estuvo allí conmigo. Entonces, lo que pedimos, prácticamente la mayor parte de la senda tiene una implicación y una aceptación muy importante en la mejora de ese viario, pero sí que es verdad que hay distintas cuestiones, que sí que se deberían resolver que no sé si están contempladas en el modificado, Sr. Pequeño, que es lo que te digo, hay taludes a ras a 90 de tierra que en invierno se van a deshacer y van a invadir. Entonces, sabemos que sí que se van a retirar o suprimir ese problema del tema de los estrechamientos, pero sí que es verdad que habría que intentar completar alguna actuación en una de las peticiones que están haciendo los vecinos. Y yo me quedo con las palabras del presidente, que dijo que se intentaría solucionar toda la problemática que pudiera haber en esa senda.

Sr. García Seoane

(...) Simplemente dicir que si fun ver, eu non falo sen ver, eu non meto a pata así, eu vou ver, funa ver, ás sete da tarde do domingo...

Sr. Calvelo Martínez

¿Ah sí? Pues no te fijaste en que la mayor parte de los terraplenes.

Sr. García Seoane

(...) Pues yo fui el domingo a ver la senda..., porque el concejal lo teneis secuestrado.

Sr. Calvelo Martínez

Sr. García Seoane, sí que deberías volver a ir a verla y ver la problemática que hay sobre todo en las zonas de terraplén que se ha hecho la excavación del terreno que ha quedado justo a tierra, no tiene ninguna capacidad de contención, incluso uno de los taludes que va aproximadamente, que se hizo la canalización de pluviales interior, se va a desmoronar toda. Esa contención probablemente en este invierno va a ir hacia uno de los estrechamientos puntuales que dice el Sr. García Seoane y va a ocasionar que meta muchísima tierra y muchísimo lodo en el río, que es al hacer la contención de pluviales por el interior. Yo creo que en ese sentido y hay el modificado y aquí estamos pues un poco trabajando en la posibilidad de resolver los problemas que tiene en esa senda.

Nada más.

Sra. Gallego Neira

Muchas gracias, señor Presidente.

En nombre del Grupo Provincial del Partido Popular, le hago el siguiente

ruego:

AVAN es una entidad sin ánimo de lucro fundada en A Coruña en 1993 por un grupo de personas formadas en primeros auxilios y servicios sociales con el afán de cubrir la demanda sanitaria de las personas más desfavorecidas. Todo su personal es voluntario. Entre las actividades que desempeñan se encuentran servicios sociosanitarios, formación, ayuda social, juvenil, ayuda a mujeres maltratadas, campañas contra el maltrato animal, etc. Además de estos servicios, atienden con la ambulancia donada en su día por la Diputación de A Coruña a toda clase de eventos deportivos desarrollados por toda la provincia, como por ejemplo el Hockey Club Borbolla, la Peña Ciclista Monte Xalo, club de Rugby Zalaeta, Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Pontedeume, el CRAT, la Federación Galega de Rugby, Agrupación de Protección Civil de Arteixo, Concello de Carral, Federación Galega de Atletismo, etc., etc.

A través de distintos escritos, las citadas entidades se han dirigido a esta institución provincial para que se subvencione una nueva ambulancia para AVAN. En pocos meses, muy pocos ya, caduca la utilidad de la ambulancia que tienen actualmente, por lo que desde hace un año han solicitado una nueva. El año pasado se les indicó que se presentasen a una convocatoria de concurrencia competitiva que saldría este año y, para sorpresa de la entidad y nuestra, porque ya les acompañamos el año pasado y de hecho hablamos con algún concejal, la convocatoria excluye la compra de ambulancias. Nos consta que se han dirigido a la diputada de Servicios Sociales, al Servicio de Deportes, pero a día de hoy no han obtenido respuesta.

Por ello, el grupo provincial y en su nombre esta diputada le realizan el siguiente ruego: que el Gobierno provincial, y vistos los servicios tan necesarios que presta la citada entidad, aporte las soluciones necesarias para que la misma continúe desarrollando los servicios que viene prestando.

Muchas gracias.

Sr. Presidente

Algunha pregunta máis. Si, Sr. Ben.

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros.

Bueno, es un tema que ya hemos tocado varias veces aquí. Es referido a la DP 7084 en A Peregrina. Ya hemos reconocido que hay un compromiso por parte de esta institución de hacer importante inversión en esta zona. Lo que volvemos a pedir y por alguna parte había quedado de manifiesto, tanto por el diputado de Vías y Obras, amigo Sr. Pequeño, como por el presidente, la intención de hablar con los vecinos, de escucharles, porque, si bien es verdad que el dinero que se aporta para esta obra puede ser suficiente, y que hay una intención real de la institución de solucionar el problema, yo creo que lo que tenemos que intentar los políticos es acercar a los ciudadanos a las instituciones y que las instituciones se acerquen a los ciudadanos.

A mí, señor presidente, que usted no escuche a los vecinos en cierta medida me puede venir hasta bien, o que el señor Pequeño no lo vaya a ver me podría venir hasta bien, pero me molesta que cuando el señor Pequeño o usted no se dirigen o no están con los vecinos, lo que queda mal es la institución de la que todos formamos parte.

En consecuencia, yo le pediría, por favor, han pedido y han registrado una solicitud, porque de alguna manera había quedado de manifiesto el compromiso de atenderles por parte de ustedes, ahora lo han pedido por registro, yo pido, por favor, no que les reciban, por favor, Sr. Pequeño, vete a visitar la zona, mira el proyecto, mira lo que dicen, es razonable, es lógico y yo evidentemente no me voy a ofrecer a acompañarte, que lo haría, pídele al señor Bugallo que te acompañe o al concejal de Medio Rural de Santiago que te acompañe, pero, por favor, escuchad a los vecinos, porque lo que piden es razonable, no incrementa el coste y, si podemos quedar todos contentos, tanto el Gobierno como la oposición, como lo más importante, que son los vecinos, yo te pido que así lo hagáis.

Nada más y gracias.

Sr. Pequeño Castro

Sr. Ben, esa petición entrou hai dous días ou tres días, paréceme, e estase mirando, hoxe estaba no despacho e estábase mirando a ver o día que podemos.

Igual o que di o Sr. García Seoane, eu tamén vou ver as estradas da Deputación xa polo cargo que realmente me corresponde, e por esa estrada non pasei unha vez, nin dúas, nin tres, bastantes veces, aínda pasei o outro día cando ía para Santiago para a Volta Ciclista a España. Así que, é verdade que é unha estrada de 5 metros de ancho, que no proxecto estámola transformando, ímola transformar de 9 a 10 metros, 10 metros e medio, que vai levar unha senda peonil, e estamos a escoitas do que vaian dicir os veciños. Si é verdade que cando foi das expropiacións houbo tres ou catro reclamacións e atendeuse totalmente como ía ser.

E tamén é verdade, se se quere unha travesía, non é neste momento o que queremos facer unha travesía, o que estamos facendo é ensanchando esa estrada, que o tráfico que ten, que ir detrás dun camión desde Trazo a Santiago é un calvario, é un calvario, e ademais que despois da ponte do Gatofero que acabamos de facer é necesario si ou si facer ese ensanche.

Tamén é verdade que hai un problema de enlace e de intersección coa estrada de Portomouro, e aí é outro dos temas que temos que estudar e que de verdade que tampouco ten moi boa solución. Pero, ben, xa que aí vai a intersección do acceso ao polígono industrial pola parte que fixo a Xunta, pois agora esa rotonda con esa intersección das dúas estradas, pois aí temos que mirar a ver como podemos solucionar ese problema.

Pero, de verdade, a idea é que na próxima semana, se é posible, intentar falar xa con esa persoa que fai a representación dos veciños.

Sr. Ben Otero

Solo un segundo. Yo te agradecería que así sea. Yo sé que el proyecto está aprobado, sé que es un proyecto ambicioso, pero no se trata solo de darle, digamos, mayor tránsito o facilidad al conductor, sino que en la zona más urbana, que es un núcleo importante en el que vive mucha gente y hay niños pequeños, gente mayor, que trabajemos un poco en el tema de la seguridad. Yo estoy seguro, yo he ido a verlo allí, lo estuve viendo, sin ningún tipo de acritud, sin crítica política, esto es una cuestión de solucionar porque la aportación económica ya está ahí. Si vas allí, estás con ellos, te lo explican, es fácilmente entendible, yo creo que no va a hacer falta ni modificar el proyecto, y es muy sencillo y creo que es bueno para el Gobierno, pero sobre todo es bueno para los vecinos y para la institución.

Gracias.

Sr. Presidente

Moi ben. Moitas grazas a todas e a todos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:50 horas.